

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 03/05/2008.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Fernando Márquez Hermida.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Serafin Gudín Sabín.

D. José Romero Ledo.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e seis minutos do día tres de maio de dous mil oito, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día primeiro de marzo do presente ano dous mil oito. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non ténndoas, sométese seguidamente a votación á aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO.- ACORDOS SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 17, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Dase conta pola Sra. Muiño, concelleira de Benestar Social e Igualdade, da necesidade de realizar unha modificación nesta Ordenanza, para a súa adaptación á normativa reguladora da prestación de servizos ás persoas dependentes xa vixente, en particular ó establecido na Orde do 17 de decembro de 2007, da Vicepresidencia da Xunta, pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa individual de atención, fixación das necesidades de protección dos servizos, réxime de compatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia na comunidade autónoma de Galicia, publicado no DOG nº 264, do 21 de decembro de 2007, que no seu artigo 26 establece un sistema de cálculo do nivel de renda do beneficiario da axuda no fogar diferente do establecido na vixente Ordenanza Fiscal Municipal. Para resolver esta inadequación, procedería introducir na Ordenanza Fiscal nº 17



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

deste Concello, reguladora do prezo público de axuda no fogar, no seu artigo 6, apartado 3, a continuación do seu texto actual, o seguinte parágrafo:

"Os ingresos dos beneficiarios do servizo de axuda no fogar que contén cun Programa individual de atención debidamente emitido pola administración competente computaranse segundo o establecido no artigo 26º-2 da Orde do 17 de decembro de 2007, ou nas normas que a modifiquen ou substitúan".

A proposta correspondente foi favorablemente dictaminada pola Comisión Informativa competente do Concello.

Os representantes dos outros dous grupos políticos, PP e PSOE, amósanse de acordo coa proposta.

Sometido o asunto de seguido a votación ordinaria, a Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á proposta de modificación da Ordenaza Fiscal nº 17 deste Concello, ordeando a realización dos trámites necesarios para a súa entrada en vigor coa brevidade posible.

TERCEIRO. MOCIÓN DO BNG SOBRE AS INFRAESTRUCTURAS PARA TRAER O GAS AO CONCELLO.

Dase conta polo Sr. Soto da moción presentada polo BNG con data do 17 de abril, rexistro de entrada 452, sobre as infraestruturas para traer o gas ó Concello, que seguidamente le e que literalmente di:

"No mes de xuño do pasado ano, o conselleiro de Innovación e Industria, o nacionalista Fernando Blanco, asinou un acordo marco coa empresa Gas Directo para realizar as infraestruturas necesarias para levar o gas a dez concellos galegos, entre eles o de San Sadurniño (Carballo, Pontedeume, Coirós, As Somozas, San Sadurniño, Ortigueira, Ponteceso, Santa Comba, Arzúa e Melide).

O investimento previsto para estas actuacións achégase aos 49 millóns de euros, entre obras de gasodutos e redes de distribución nas localidades. As infraestruturas previstas abranguen máis de 178 quilómetros no caso dos gasodutos e 91 en redes de distribución, creando máis de 8.000 puntos de subministración.

A Consellaría de Innovación e Industria pretende con este acordo favorecer a gasificación de zonas nas que a retribución específica do Ministerio e os fondos públicos da Administración autonómica, que poderá achegar un máximo do 30%, aseguran a rendibilidade dos investimentos nas redes de distribución a estes núcleos nos que, doutro xeito, sería inviábel economicamente. É este un dos requisitos exixidos polo Ministerio de Industria para conceder unha retribución específica para as empresas que queiran acometer a gasificación de núcleos de poboación que non dispoñan de gas natural, coma o noso. Para conceder a devandita retribución, que pode chegar como máximo aos 18 millóns de euros por proxecto, tamén se exige que as empresas subscriban convenios de colaboración coas comunidades autónomas para acometer a gasificación, acordos que o Goberno galego xa asinou hai agora case un ano.

No entanto, e transcorrido todo este tempo, o certo é que o desenvolvemento e execución das actuacións previstas están paralizadas diante da pasividade do Ministerio de Industria que aínda non adoptou ningunha decisión respecto das retribucións das que depende o inicio das actuacións e que polo tanto o noso concello poda dispor deste servizo nos vindeiros anos.

En definitiva, fronte ao esforzo, a vontade e o compromiso do nacionalismo desde a Xunta de Galiza por avanzar na gasificación do país, atopámonos cunha dilación e parálise inxustificada desde o Ministerio de Industria que prexudica claramente aos veciños e veciñas da nosa localidade.

Por todo isto, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

Dirixirse ao Ministerio de Industria solicitándolle que axilice a resolución e aprobación das retribucións precisas para a execución das actuacións de gasificación conveniadas entre a Xunta de Galiza e a empresa Gas Directo para dotar deste servizo, entre outros, ao noso concello."



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

A proposta correspondente foi favorablemente dictaminada pola Comisión Informativa competente do Concello.

Toma a palabra o Sr. Bedoya, para dicir que como declaración de intencións parécelle ben o texto, e está de acordo en que sería un investimento de grande importancia para o Concello, pero que na súa opinión será dificilmente realizable pola escasa rendibilidade económica que unha actuación deste tipo tería nos concellos pequenos.

O Sr. Márquez di que sería unha actuación importantísima para San Sadurniño, sobre todo pensando no polígono industrial que se construírá próximamente.

Sometido o asunto de seguido a votación ordinaria, a Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a moción de que se trata.

CUARTO. TOMA DE RAZÓN E RATIFICACIÓN, NO SEU CASO, DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS.

Dase conta do contido do acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión do pasado día 21 de abril, de solicitude de subvención para os servizos sociais do Concello, ó abeiro do establecido na Orde de 18 de marzo de 2008, pola que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais. Dase conta tamén da resolución dictada polo Sr. Alcalde con data do 28 de abril, mediante a que se modifica a devandita solicitude de subvención, para a incorporación de dous programas novos, un de respiro e apoio e formación a cuidadores e cuidadoras informais de persoas con dependencia, para o que se solicita a cantidade de 3.040 €, e outro de promoción de oportunidades para persoas en situación de maior vulnerabilidade, para o que se solicita a cantidade de 3.040 €.

Dase conta de seguido doutra Resolución da Alcaldía, de data do 24 de abril, pola que se dispón a contratación da empresa Vázquez Garzón, S.L., para a realización de traballos de conservación e mantemento de campos de fútbol, áreas recreativas e zonas verdes e paseo fluvial do río Grande do Xubia, polo periodo de oito meses, a contar dende o primeiro de maio do presente exercicio 2008.

A Corporación queda enterada e conforme co contido destes acordos e resolucións.

URXENCIA. Antes de pasar ó quinto e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Non tendo o grupo da oposición proposta algunha que prantexar de asuntos urxentes, toma a palabra o portavoz do BNG, Sr. Soto, para propoñer a inclusión dun punto con este carácter na orde do Día da presente sesión: unha moción sobre o Decreto do bacharelato, na que se solicita o mantemento de tempo no horario lectivo para algunhas materias e a exclusión do mesmo da relixión.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da proposta de que se trata como urxente, na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

URXENCIA PRIMEIRO. MOCIÓN SOBRE O DECRETO DE BACHARELATO.



Dase conta polo Sr. Soto da moción presentada polo BNG con data do 29 de abril, rexistro de entrada 508, sobre o borrador de Decreto elaborado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre o currículo do bacharelato, que seguidamente le e que literalmente di:

"A implantación en Galiza dos distintos currículos das ensinanzas non universitarias en aplicación da LOE (Lei Orgánica de Educación) están producindo graves problemas á hora de establecer un ensino equilibrado e adaptado á realidade galega que promova a formación integral do alumnado.

A LOE e a posterior normativa dictada polo Goberno central, ao igual que o fixeron as anteriores leis da etapa do PP, imponen un sistema educativo centralizador que fixa unha elevada porcentaxe de contidos mínimos, novas áreas do currículo e o ensino da relixión dentro do horario lectivo e con valor académico. Todas estas cuestións impiden avanzar cara a un ensino laico; que Galiza poida exercer as competencias propias, e que o sistema educativo e o currículo se axeite á nosa realidade e ás necesidades do alumnado galego.

No que respecta ao bacharelato a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria elaborou un borrador de decreto sobre o currículo desta etapa educativa que supón a redución do horario lectivo en tres áreas fundamentais, a Educación Física que queda reducida a unha hora semanal nun só curso, a Filosofía (que pasa de tres a dúas horas) e tamén unha hora menos para Historia (de catro a tres horas).

As áreas obxecto de redución implican consecuencias negativas moi importantes na formación do alumnado.

En primeiro lugar a redución na área de Educación Física supoñería a práctica desaparición desta materia pois unha hora en toda a etapa outórgalle un carácter residual, tería menos carga horaria que Relixión e colocaría a Galiza moi lonxe dos estándares dos sistemas de ensino máis avanzados. A maiores iría en contra das propias recomendacións de distintos organismos internacionais.

A redución na área de Filosofía, considerando que se incrementan os contidos a impartir (Cidadanía), e en Historia vai impedir que os contidos poidan ser impartidos desde unha perspectiva propia galega, o que se traduce en que os currículos das materias impartidas en Galiza se van reducir exclusivamente aos mínimos marcados a nivel de Estado.

O borrador de Decreto está en fase de discusión para a súa posterior aprobación polo que aínda hai tempo para que, atendendo ás demandas de moitos sectores educativos, se produzan as necesarias modificacións que garantan unha carga lectiva adecuada para o coñecemento da realidade galega e unha formación equilibrada e integral do alumnado.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1º Instar á administración educativa do Goberno central a que nas leis educativas e demais normativa que as desenvolve respecte as competencias educativas propias de Galiza de xeito que permita o establecemento de currículos equilibrados e adaptados á realidade galega.

2º Instar ás administracións educativas central e galega a avanzar cara un ensino laico no que a materia de relixión non forme parte do currículo.

3º Demandar da administración educativa galega a apertura dun proceso de diálogo co sector e que o novo decreto de bacharelato

- a) garanta, como mínimo, a actual carga horaria nas materias de Educación Física, Filosofía e Historia,
- b) asegure a presenza da Historia e Xeografía de Galiza, a Literatura Galega do Século XX, a Música e a Educación Física como materias optativas de oferta obrigatoria.
- c) estableza o ensino da relixión fóra do horario lectivo dos centros."

O Sr. Bedoya interven para sinalar que novamente aparecen as discrepancias entre os dous grupos políticos que gobernan Galicia, e que estes desencontros deberían arranxarse na Xunta, non nos concellos, aínda que o contido da moción parécelle razoable en termos xerais, xa que o seu grupo tamén está en contra da redución das horas adicadas á educación física e a favor do reforzamento dalgunhas asignaturas, como a xeografía ou a filosofía e do diálogo co sector para mellorar o borrador do Decreto. Non coincide a súa postura no referido a sacar a relixión do horario lectivo, porque entenden que xa existe posibilidade de elixir por parte dos pais, sendo a asignatura optativa, e que o que se pretende, e se conseguiría se non forma parte do horario lectivo, é a súa desaparición, cando se trata da relixión maioritaria no país. Polo tanto, o seu grupo apoiaría a moción sempre que se suprimise dela o apartado 3º-c).

O Sr. Márquez interven brevemente para dicir que considera que se trata dun tema político, alleo á competencia municipal, e que debería resolverse pola Xunta.



O Sr. Soto di que non hai desencontros na Xunta, senon colaboración e diálogo, pero con debate interno entre dous modelos educativos, e que o do BNG valora negativamente a redución das horas adicadas á filosofía ou á historia, mentres que considera a relixión un tema privado, que non ten porqué formar parte do horario lectivo na escola, senon aprenderse na casa, polo que non modificarán o texto da moción.

O Sr. Bedoya interven novamente para dicir que aínda que se trate dun tema privado, pódese impartir nos centros, e debería manterse a posibilidade de que os pais elixan se os seus fillos seguen esa ensinanza, polo que, de non suprimirse o referido parágrafo da moción, o voto do seu grupo será negativo.

O Sr. Alcalde interven de seguido para dicir que a discrepancia é sana en democracia, e que ten que haber diferentes puntos de vista, e que nesta convicción, o BNG defende o seu modelo educativo, que quedaría totalmente desvirtuado se se suprimise a petición de retirar a relixión do horario lectivo. Por outra banda, aínda que a moción non se aprobase, entende que o importante é que se debatan ideas e se expresen opinións diferentes.

O Sr. Varela interven brevemente para clarear que se trataría de retirar a relixión para ampliar o tempo adicado a outras materias que hai acordo en reforzar.

O Sr. Bedoya remata repetindo que se a relixión quítase do horario lectivo, desaparecerá

Sometida de seguido a votación ordinaria a aprobación da moción de que se trata, prodúcese empate na primeira votación, con cinco votos favorables, dos concelleiros do BNG, cinco contrarios, dos do PP e unha abstención, do concelleiro do PSOE.

Sométese en consecuencia o asunto a segunda votación, co mesmo resultado, e sendo favorable o voto do Sr. Alcalde, o seu voto de calidade decide a aprobación da moción co expresado resultado, en aplicación do disposto nos artigos 210-2-c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e 100-2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Comeza o Sr. Bedoya formulando novamente unha pregunta xa prantexada con anterioridade: cando vai ter lugar unha xuntanza cos técnicos que están a redactar o Plan Xeral, con presenza do seu grupo. O Sr. Alcalde resposta que este é o primeiro Pleno que se celebra tras a entrada en vigor do Regulamento de participación veciñal, polo que que sería convinte que as preguntas se formularsen con antelación suficiente para poder preparar as respostas, que a información sobre o PXOM se fará en canto sexa posible, tamén para veciños e asociacións, e que o seu grupo segue a pensar na aprobación definitiva para finais do 2009.

O Sr. Bedoya pregunta de seguido, tamén repetindo unha pregunta formulada no Pleno anterior, en relación coa intervención prevista no adro da igrexa parroquial de San Sadurniño, se o grupo de goberno dispón xa da cesión de uso dos terreos, que pertencen ó Bispado, manifestando que a factura do proxecto, aprobada pola Xunta de Goberno, parécelle demasiado cara. O Sr. Alcalde di que xa existe un escrito de cesión de uso polo Bispado, e que os proxectos factúranse polos técnicos aplicando un porcentaxe en función do presuposto da obra a realizar. O Sr. Varela di que este proxecto facturouse cunha redución de máis do 25% respecto ós baremos colexiais.

Pregunta tamén o Sr. Bedoya, vistas as privatizacións que se veñen facendo de servizos públicos municipais, como o abastecemento de auga, se vai ser privatizado tamén o servizo de recollida de lixo. O Sr. Alcalde resposta que non, e que non se están a facer privatizacións, senon que se trata de contratar servizos que xa se prestaban sen persoal propio, para mellorar a xestión e os custes dalgúns servizos, e que eso non é privatizar.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. Bedoya pregunta tamén, pasado un tempo razoable desde as eleccións, se o grupo de goberno ten previsto dotar de locais ós grupos políticos, tras telo solicitado en moitas ocasións desde a oposición, respostándose polo Sr. Alcalde que se ten previsto e se debatirá o asunto cos portavoces, que non hai problema en atender esa solicitude polo goberno municipal actual.

O Sr. Bedoya pregunta igualmente polo mal estado en que quedaron algunhas das pistas acondicionadas mediante convenio coa Consellería de Medio Rural, e se van ser arranxados os desperfectos cos que quedaron; O Sr. Alcalde resposta que se trató o asunto coa Consellería e coa delegación provincial, e que esas obras aínda non están certificadas, polo que os técnicos saberán o que teñen que facer, ademáis de que esas obras teñen un prazo de garantía dun ano.

Toma a palabra de seguido o Sr. Romero, fara formular dous rogos: que se solicite a instalación de proteccions laterais na estrada AC-861, en Igrexafeita, porque tras a realización dunha corta de árbores a grande escala, a marxe dereita en dirección Ferrol quedou desprotexida e resulta perigosa, e que se recoloquen os indicadores municipais de núcleos de poboación nas estradas de Ferreira e Santa Mariña, que se retiraron para a realización de obras de mellora pola Deputación e aínda están tirados polas cunetas. O Sr. Alcalde toma nota destes dous rogos, manifestando que se fará o posible por resolver esas cuestións canto antes.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,